

2020

PROGRAMACIÓN ÁREA INGLÉS 2º DE PRIMARIA



CPI de San Sadurniño

Linguas estranxeiras

30/09/2020

Contenido

1.- Introducción e contextualización.....	3
2.- Situación xerada pola COVID-19.....	4
2.1- Marco teórico e análise do entorno físico e social do centro e do grupo-aula.....	4
2.2- Adaptación da programación aos diferentes escenarios posibles debido á COVID-19.....	6
2.2.1- Roles e reponsabilidades.....	7
2.2.2- Obxectivos específicos derivados da COVID-19.....	11
2.2.3- Medidas metodolóxicas e organizativas.....	12
2.2.4- Pautas xerais para a continuidade do proceso formativo no caso de confinamento.....	13
2.2.5- Cumprimento da programación.....	13
2.2.6- Plan de recuperación.....	14
2.2.7- Metodoloxía xeral e estratexias didácticas.....	15
2.2.8- Adaptación do horario pola COVID-19: Estratexias metodolóxicas.....	17
3.- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	18
4.- Obxectivos para o curso.....	5
5.- Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable:.....	5
6.-Concrecións metodolóxicas.....	14
7.- Materiais e recursos didácticos.....	16
8.-Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	16
9.-Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.....	17
10.-Deseño da avaliación inicial.....	18
11.-Medidas de atención á diversidade.....	19
12.-Concreción dos elementos transversais.....	20
13.-Actividades complementarias e extraescolares.....	21
14.-Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica.....	22

1.- Introducción e contextualización

As linguas son instrumentos de comunicación e de coñecemento, vehículo dos sistemas de valores e das expresións culturais é factor determinante da identidade dos pobos e das persoas. Coa lingua somos quen de expresar sentimentos e emocións, interactuamosco medio, creamos culturas e facemos que estas pervivan a través dos tempos.

No mundo actual, cada vez máis globalizado,a aprendizaxe das linguas estranxeiras constitúe unha necesidade e unha posibilidade ilimitada de achegamento ,por unha parte, á información, ao coñecemento e ás tecnoloxías e, pola outra, a distintas formas e estilos de vida e maneiras de pensar de diferentes culturas.

As esixenciase necesidades na sociedade do século XXI propiciaron axustes no ámbito escolar, preparando aos alumnos e alumnas para vivir nun mundo progresivamente máis internacional ,multicultural e multilingüe ao tempo que tecnoloxicamente máis avanzado.

O noso país atópase comprometido como membro da Unión Europea no fomento do coñecemento doutras linguas comunitarias. Seguindo as indicacións do Consello de Europa no Marco Común Europeo de Referencia, a aprendizaxe das linguas estranxeiras e a súa certificación organízanse nunha serie de niveis común ordenados en graos de competencias lingüísticas progresivamente máis amplos ligados a distintos contextos sociais de uso da competencia comunicativa. Será, pois, a etapa de educación primaria a que inicie esta andaina cara ó dominio pleno da competencia comunicativa nas linguas estranxeiras. Este alumnado accede á Educación Primaria cunha certa experiencia e familiarización coa devandita lingua dado que na Comunidade Autónoma de Galicia o contacto cunha primeira lingua estranxeira iníciase a partir do segundo ciclo de Educación Infantil.

O currículo nesta etapa, se ben inicialmente dá prioridade ás actividades lingüísticas ou destrezas orais nos primeiros cursos, establece gradualmente a aprendizaxe doutras destrezas para o desenvolvemento dunha competencia comunicativa oral e escrita, eficaz e contextualizada nos intereses, necesidades e preferencias propias destas idades.

Un currículo de lingua estranxeira para a formación da cidadanía na sociedade da información non pode deixar de lado as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC). Toda a súa potencialidade en relación co desenvolvemento das habilidades lingüístico –comunicativas debe aproveitarse nas aulas para favorecer interactivamente tanto a aprendizaxe da lingua estranxeira e o desenvolvemento das competencias básicas do alumnado como a propia aprendizaxe do uso destas tecnoloxías. A utilización das TIC posibilita o acceso a información sobre outras culturas e os seus costumes, reafirma as destrezas orais e escritas, facilita o enriquecemento do vocabulario, fixa unha ortografía correcta e estimula a aprendizaxe autónoma.

2.- Situación xerada pola COVID-19

2.1- Marco teórico e análise do entorno físico e social do centro e do grupo-aula.

A normativa na que se basea o funcionamento da educación infantil e primaria encóntrase recollida na **Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio**, que ten como obxectivo fundamental, entre outros, proporcionar unha educación de calidade a todos os cidadáns de ambos sexos, en todos os niveis do sistema educativo, para o cal se necesita a colaboración de todos os compoñentes da comunidade educativa.

Encóntrase no marco de:

- **Decreto 105/2014 do 4 de setembro** polo que se establece o currículo de educación primaria.
- **Decreto 374/1996**, polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e Primaria.
- **Orde do 22 de xullo de 1997**; pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de Educación

Infantil e Colexios de Educación Primaria.

● **Orde do 23 de novembro de 2007**, pola que se regula a avaliación na Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

O colexio acolle principalmente ao alumnado das 7 parroquias que conforman o concello de San Sadurniño: Bardaos, Ferreira, Igrexafeita, Lamas, Naraío, Santa María do Monte e o propio San Sadurniño.

Esta programación docente está pensada para desenvolverse no **CPI de San Sadurniño** con nenos e nenas de 2º curso de Educación Primaria. O colexio conta con 3 unidades de Educación Infantil, 10 unidades de Educación Primaria e 6 unidades de Educación Secundaria obrigatoria.

Ten una xornada mixta con 3 sesións exclusivamente de mañá e dúas tamén con una sesión de tarde cada unha. O horario do centro vese modificado debido á situación xerada pola COVID-19. A documentación do Centro referida a este contexto pode verse na seguinte ligazón:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/cpisansadurnino/node/1599>

A aula de 2º de primaria conta con 24 alumnos/as, dos cales 11 son nenos e 13 son nenas.

O CPI de San Sadurniño atópase situado nun extremo da comarca de Ferrolterra, no norte da provincia de A Coruña e a uns 60 km da capital. A vila Limita con Narón e Neda polo oeste, con Valdoviño polo norte, con Moeche e As Somozas polo leste e con A Capela e As Pontes de García Rodríguez polo sur. San Sadurniño ocupa un fértil val, o que forma o Río Grande de Xubia. Contra o sur, sobre o estreito val do Río Castro, érguense os máis elevados montes que van dar na Serra do Forgoselo. Nestes montes, terra de lobos, críanse cabalos en estados salvaxes. Hai séculos, San Sadurniño era o núcleo administrativo da comarca. Hoxe en día desenvólvese na zona unha industria madeireira que fabrica distintos tipos de taboeiros, que convive con outras industrias e negocios máis pequenos de tipo familiar. Na vila tamén se desenvolve o proxecto do Banco de Terras de Galicia (Bantegal) que foi creado no 2007 pola Consellaría do Medio Rural para evitar o abandono da superficie agraria útil.

O colexio acolle principalmente ao alumnado das 7 parroquias que conforman o concello de San Sadurniño: Bardaos, Ferreira, Igrexafeita, Lamas, Naraío, Santa María do Monte e o propio San Sadurniño.

2.2- Adaptación da programación aos diferentes escenarios posibles debido á COVID-19

A situación excepcional do estado de alarma fai necesario un axuste de todos os elementos que forman parte do proceso de ensinanza aprendizaxe dependendo dos diferentes escenarios que poidan xurdir como desencadenantes da evolución da COVID-19. Estes elementos poden dividirse en tres categorías ben diferenciadas dadas as necesidades de recursos humanos que deben ser axustadas: **Mestres/as, alumnos/as e familias.**

Durante as primeiras semanas será necesario poñer en marcha un entramado estratéxico que aporte apoio ao proceso formativo levado a cabo nos dous primeiros trimestres do curso 19-20. A palabra “continuidade”, leva implícita unha extensa carga significativa, ya que non se trataba só de avanzar en contidos, senón de elixir aqueles que non afectasen de xeito negativo ao alumnado que puido, de algún xeito, quedar excluído do proceso por diferentes motivos ou razóns. Tamén é necesario contemplar nesta situación as necesidades psicolóxicas de cada neno e nena.

Tendo en conta todas as posibilidades, os axustes para a continuidade do proceso formativo no curso 20-21, elabóranse tendo en conta a seguinte taboa, atendendo aos diferentes roles e responsabilidades que se aprecian de forma directa nesta “continuidade” no caso de darse a **necesidade de cuarentena.**

2.2.1- Roles e reponsabilidades.

Mestres/as	<ul style="list-style-type: none">• Colaborar cos outros mestres para deseñar experiencias de aprendizaxe a distancia para o alumnado.• Desenvolver experiencias de aprendizaxe de boa calidade para o alumnado.• Comunicar e proporcionar eficiente retroalimentación aos/ás alumnos/as.• Comunicarse cas familias, segundo sexa necesario.• Apoiar sempre que fose posible as ensinanzas seguidas polos titores/as acomodando o currículo á aprendizaxe en liña.• Desenvolver recursos axustados á diversidade na aula.• Facer pública para todas as familias e alumnado o plan de aprendizaxe en liña e o plantexamento que se levará a cabo por parte do profesorado para que os estudantes acceden ao contido das clases de educación a distancia.• Recomendar, se fose posible, ás familias e alumnado outras ferramentas de aprendizaxe en liña.
-------------------	--

Alumnos/as

- Adicar un tempo adecuado aprendendo, comparable en calidade ao día escolar.
- Comprobar a información publicada nas plataformas en liña para obter información sobre as tarefas a realizar.
- Preparar un espazo cómodo e tranquilo para estudar / aprender.
- Participar en todas as aprendizaxes publicadas (sempre que sexa posible).
- Enviar todas as tarefas segundo o horario previsto e / ou as datas previstas, sempre que sexa posible.
- Garantir o seu propio equilibrio social e emocional mantendo hábitos saudables.

Familias

Apoiar aos seus nenos/as na súa aprendizaxe mediante:

- **Proporcionar un ambiente propicio para a aprendizaxe : acceso á tecnoloxía (sempre que sexa posible), espazo seguro e tranquilo durante as horas de estudo.**
- **Participar en conversas sobre materiais publicados, tarefas...etc.**
- **Supervisar o tempo adicado á aprendizaxe en liña e fóra de liña, incluídas variables como os tempos de aprendizaxe preferidos (mañá, tarde).**
- **Fomentar a asistencia, na medida do posible, aos compromisos de reunións telemáticas que ofrecen cada un dos/as mestres/as do seu fillo/a.**
- **Apoiar o equilibrio emocional proporcionando suficiente espazo e tempo para a reflexión, a actividade física (na medida das posibilidades), a conversa e o xogo.**

Unha vez fixados e explicados os roles de cada un dos axentes implicados na continuidade do proceso formativo **en caso de cuarentena**, elabóranse seguindo as **“Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación**

Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato”; nas que se establece que as programacións didácticas incorporarán as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior seguindo o seguinte **Plan de recuperación e reforzo**.

Este **Plan de recuperación e reforzo** elabórase a partir dos informes individualizados elaborados á finalización do curso 2019/2020 e da **avaliación inicial** realizada no curso 2020-2021.

Debemos ter en conta que dentro do contexto actual e da aplicación do plan e protocolo COVID referido anteriormente, tanto á planificación diaria de aula como as dinámicas que se podan derivar desta, son máis que nunca tan **abertas e flexibles como a situación o requira**. É necesario contemplar unha previsión de material adicional que puidera permitir os diferentes escenarios que poidan xurdir. Tratarase de dar cabida sempre á continuidade do proceso formativo dispoñendo dun **exercicio, actividade ou tarefa** segundo sexa necesario e/ou corresponda na temporalización da programación, incluso puidendo facerse cambios nesta. Deste xeito permitiríase a continuación do proceso formativo levado a cabo de forma presencial, mixta ou en situación de cuarentena.

Tal como se reflicte **nas Instrucións**, estes exercicios, actividades ou tarefas serán publicados preferentemente na aula virtual do colexio. No caso do idioma extranxeiro inglés usarase o blog: flymetothebroom@blogspot.com a través da páxina web do centro, por ser este o blog usado continuamente na aula día a día e sendo de moi doado manexo para todo o alumnado (aínda que isto non supón un menoscabo da utilización da aula virtual nin de outras ferramentas informáticas, senón un apoio máis).

2.2.2- *Obxectivos específicos derivados da COVID-19*

A situación actual require considerar uns reajustes que debemos ter en conta en canto a uns obxectivos xerais derivados desta nova normalidade.

Estes obxectivos especifícanse a continuación:

- Mellorar os procesos de ensino do profesorado do centro educativo no que se refire á planificación, coordinación e avaliación das medidas de atención á diversidade axeitadas á situación do alumnado.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- Fomentar na aula un clima de seguridade e normalidade, no que as medidas preventivas do Protocolo COVID-19 formen parte da rutina diaria da comunidade educativa.
- Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- Contribuír ao desenvolvemento integral do alumnado nos distintos ámbitos: físico, emocional, social, cognitivo e lingüístico.
- Adquirir habilidades e actitudes favorables á lectura que conduzan ao logro da competencia de aprender a aprender, coma base para o desenvolvemento doutras competencias básicas.
- Reforzar elementos curriculares esenciais, as aprendizaxes imprescindibles do curso anterior e as competencias clave; poñendo especial atención á competencia comunicativo-lingüística (CCL), matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT) e competencia dixital (CD).
- Aumentar a motivación e seguridade cara o traballo escolar.

2.2.3- Medidas metodolóxicas e organizativas

Para favorecer o reforzo do alumnado na área de inglés e competencias básicas téñense en conta as seguintes medidas metodolóxicas e organizativas que se Terán en conta na situación actual.

- Supervisar tarefas diariamente.
- Priorizar contidos curriculares mínimos.
- Segmentar as actividades longas e limitar o número.
- Adaptar o currículo ás capacidades, ao estilo de aprendizaxe e ás necesidades do alumnado.
- Alternar actividades teóricas con traballo práctico ou máis estimulantes con outras menos motivadoras.
- Alternar a forma de presentación (de forma oral, escrita ou coas novas tecnoloxías).
- Explicar a actividade de xeito claro e sinxelo e asegurarse da súa comprensión.
- Emprego de murais e mapas conceptuais cos contidos mínimos.
- Metodoloxía multisensorial: Empregar diferentes estímulos (visuais, musicais...).
- Exames escritos curtos e con preguntas breves, cerradas, claras e sinxelas.
- Desenvolvemento de estratexias que favorezan a autonomía e aprendizaxe.
- Complementar os exames escritos de forma oral se fose necesario.
- Traballo por proxectos na medida d posible.
- Autoinstrucións e seguimento de secuencias.
- Tarefas centradas no pensamento crítico e creativo.
- Tarefas globalizadas e multidisciplinares.
- Actividades de autoaprendizaxe.
- Aportación á familia de pautas e recomendacións do traballo individual.
- Metodoloxías que favorezan a participación do alumnado.
- Formación TICs nos recursos informáticos do centro educativo (aula virtual e outros).
- Repasar diariamente.

2.2.4- Pautas xerais para a continuidade do proceso formativo no caso de confinamento.

No momento de deseñar as diferentes tarefas en liña ou experiencias de aprendizaxe, terase en conta:

EXPLICACIÓNS	<ul style="list-style-type: none">• Aportar recursos con explicacións claras e visuais.• Comunicación sobre onde / como os alumno/as poden buscar aclaracións específicas sobre os requisitos de traballo e / ou prazos.• Seguimento activo do correo electrónico para preguntas e comunicación.
TRABALLO OFFLINE	<ul style="list-style-type: none">• Facer propostas que non impliquen impresión.• Incluír actividades fóra de liña e que se puideran realizar con materiais de uso común nas casas.
TEMPO ADICADO ÁS TAREFAS	<ul style="list-style-type: none">• Seguir o tempo e horario considerando certas modificacións.• Plantexar as actividades que normalmente son graduais, de diferentes xeitos e/ou modificadas.• Ofrecer oportunidades alternativas de investigación, produción e entrega de traballos (videos, fotos...etc).
PRAZOS DE ENTREGA	<ul style="list-style-type: none">• Ofrecer aos estudantes tempo suficiente e facilidades para completar as tarefas propostas.• Propoñer tarefas e instrucións sinxelas para asegurarse de que os/as alumnos/as entendan os procedementos a seguir.
CONEXIÓN A E-NET	<ul style="list-style-type: none">• Considerar que o alumnado non debería ter que descargar ficheiros.• Manter o blog dende onde se presentan as tarefas de xeito ordeado e de doado acceso para a visualización do material.
DESCARGA DE ARQUIVOS	<ul style="list-style-type: none">• Intentar que a visualización de fichas e outro material sexa clara e de descarga doada para aqueles alumnos/as que prefiran facelo así.• Considérase que é importante publicar documentos en forma de imaxe ou PDF xa que son universais e son máis doados de converter.

Tendo en conta as anteriores variables intentárase dar reforzó a aqueles contidos que non foron ensinados a partir do segundo trimestre do curso 2019/2020. Estes contidos forman parte de forma máis ampliada do propio currículo deste curso. Nestas condicións é necesario destacar os aprendizaxes que farían referencia ao terceiro trimestre e que quedarían pendentes de dar e deben ser incluídos na programación deste curso.

Estas aprendizaxes imprescindibles non adquiridas a causa dos atrasos producidos no terceiro trimestre do curso 2019/2020 e que deberán ser obxecto de tratamento neste curso académico están reflexados nos informes individualizados de cada alumno/a e son os seguintes:

Os contidos que se verán reforzados durante este curso académico son os seguintes:

- Introducción do vocabulario das unidades 5 e 6 do método BIG SURPRISE 2.
- Especial atención ás estruturas: 'I like', 'I don't like'

2.2.6- Plan de recuperación

Os contidos que se verán reforzados teñen que ver co método BIG SURPRISE 2 da Editorial Oxford que foi usado durante o curso 2019/2020. Este libro foi actualizado este curso e non se corresponde ao do curso pasado. Aínda así propónse afondar nos seguintes contidos dende a perspectiva do material curricular de AMAZING ROOFTOPS 2 da mesma editorial.

- Recoñece o vocabulario das unidades 5 e 6 do método BIG SURPRISE (roupa e comida).
- Recoñece as estruturas: 'I like', 'I don't like'.

2.2.7- Metodoloxía xeral e estratexias didácticas.

A introdución temperá de linguas estranxeiras ou adicionais debe ser entendida en relación co contexto educativo en que ten lugar. Para o alumnado de Educación Primaria da Comunidade Autónoma de Galicia, o inglés é a terceira lingua dentro do seu sistema de educación bilingüe.

O modelo de introdución do inglés en 2º de Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia engade o inglés ás dúas linguas ambientais en **2 periodos semanais que se ven drásticamente reducidos debido á situación xerada polo COVID-19 e á necesidade de axustar os horarios as necesidades do centro**. A estratexia metodolóxica basearase no principio da aprendizaxe para a lingua extranxeira dentro dun **enfoque comunicativo**.

O alumnado debe ser quen constrúa a súa aprendizaxe lingüística coa axuda e mediación do profesorado, da contorna, das compañeiras/os etc (sempre que sexa posible). Isto supón que **a lingua deberá practicarse en contextos comunicativos reais e funcionais** nos cales o alumnado poida implicarse e participe activamente nun **clima de intercambio**. É necesario crear un ambiente **no que o alumnado sinta pracer por escoitar e participar**, evitando o risco de que se canse ou se inhiba. Para que a súa participación sexa comprensiva é necesario aproveitar **experiencias significativas, rutinas, imaxes, personaxes de ficción dos debuxos animados ou contos, cancións**, etc., tendo en conta que, na educación primaria **os aspectos afectivos e de relación adquiren un relevo especial**, polo que é imprescindible a creación dun ambiente cálido, acolledor e seguro, no cal se sinta querido e confiado para poder afrontar as novas aprendizaxes. Sen dúbida, é necesario **potenciar o maior número de ocasións para usar a lingua, aproveitando as rutinas e a vida da aula, pois a aprendizaxe prodúcese e xeneralízase co seu uso**.

Desde esta metodoloxía a énfase recae na **significatividade das tarefas, na resolución de problemas, na**

experimentación e no aprender facendo. Á hora de planificar as actividades teranse en conta os diferentes tipos de contidos e procurarase que a súa **construción progresiva se faga desde a actuación da nena/o**, arredor de problemas e situacións concretas en que poida atopar sentido porque **conecten cos seus intereses e motivacións**. Deben establecerse relacións significativas, ao mesmo tempo que o profesorado pode organizar **contidos diversos e sempre con carácter global**. **A comprensión e a expresión oral deben ser o punto de partida para o ensino** da primeira lingua estranxeira, que o alumnado ten que aprender de maneira natural e a través do xogo, escoitando, **practicando e participando o maior tempo posible** coa primeira lingua estranxeira. As **destrezas básicas desenvolvidas serán as receptivas** e darase **prioridade ao uso comunicativo e funcional da lingua**. Insistirase no uso do idioma, é dicir, na posibilidade do falante de comunicar unha mensaxe. Por iso, **os erros consideraranse parte natural do proceso de aprendizaxe** e, como tales, serán tratados de xeito didáctico e como fonte de coñecementos. **A aprendizaxe da nova lingua será intuitiva**, polo que se lle presentarán ao alumnado mensaxes reais ou adaptadas vinculadas aos seus intereses: **producións multimedia coas que teñan que interaccionar, fotografías, contos, dramatizacións, cancións, xogos, etc.**

A **variedade de producións ou modelos** presentados será fundamental, non só para manter a motivación, senón tamén para atender as diferenzas de nivel, de desenvolvemento e de formas de aprender.

Estableceranse unhas rutinas como marco de referencia para desenvolver as actividades que se van realizar durante as sesións, posto que os nenos e nenas se senten máis seguros cando coñecen o ambiente en que se moven. **As actividades que se realicen deben ser atractivas** para as nenas e nenos, facendo que se sintan integrados ao tempo que intenten **potenciar as súas destrezas orais**. A metodoloxía didáctica será fundamentalmente **comunicativa, inclusiva, activa e participativa**, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave.

Neste sentido prestaremos atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

2.2.8- Adaptación do horario pola COVID-19: Estratexias metodolóxicas.

Debido a que o horario de entrada e saída está flexibilizado pola situación pandémica, terase en conta unha serie de actividades que se implementaran como **'Morning meeting activities'**. Estas actividades estarán xa dispostas na aula para que aqueles nenos e nenas que entran antes poidan facer un aproveitamento axeitado do tempo, sen prexuízo dos demais discentes. Fan referencia á xestión da aula (**classroom management**) por parte do/a docente. Estas actividades terán que ver con **contidos xerais, data, tempo, revisión de conceptos**...etc. Serán de calidade básica e lúdica e poderán ser de tipo escrito, visual, de lectura, online...etc.

Así mesmo usaranse como **'Wrap up activities'** mentras toman a súa merenda na aula e tamén na última sesión, cando o alumnado deba usar o baño antes do seu **'afternoon dismissal'**, xa que, tal como marcan as directrices, só un neno/a pode usar o baño de cada vez, e isto fai que a última sesión de clase se vexa acurtada en extremo para poder atender todas as quendas de comedor necesarias.

Tamén sucede isto na saída da única sesión de tarde (de 16:00 a 17:00) na que cada curso debe respetar o seu horario de saída para non exceder o número de alumnos/as permitido polos corredores.

Así mesmo a imposibilidade de realizar tarefas en colaborativo e/ou cooperativo (tal como se entendía tradicionalmente) que permitían o desenvolvemento de unidades didácticas integradas e o traballo por proxectos (tal como o **Proxecto LÓVA**) onde se levaba a cabo o movemento dos discentes dependendo da segmentación das sesión tanto dentro da aula como considerando o espazo dispoñible como **"hiperaula"**, fan que sexa necesario reaxustar certas dinámicas de grupo para seguir mantendo a idea de grupo unido (aínda que separado fisicamente). Estas dinámicas seguirán tendo cabida na aula considerando a necesidade de manter a distancia de seguridade, xa que aportan unión, aceptación, respecto... favorecendo un clima positivo, estruturado e de vivencia social no que o éxito de un, e considerado o éxito de todos.

Estas dinámicas poden ser. ● De presentación. ● Resolución de conflitos. ● Para soltar tensións. ● De autoafirmación. ● Centradas en mellorar a comunicación. ● De coñecemento de grupo e autocoñecemento. ● Xogos colaborativos...etc.

Considérase que a sesión da tarde, de 16:00 hrs. a 17:00 hrs., e que tamén sofre modificacións, non resulta efectiva, xa que debido a esta situación a maioría do alumnado deberá esperar dúas horas no patio (sen opción a actividades extraescolares), que consideramos excesivas e carentes de sentido didáctico en absoluto, para unha sesión que se ve acurtada debido a que as quendas de saída comencan ás 16:40.

3.- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

CCL (Comunicación lingüística)	CMCCT (matemática, ciencia e tecnolóxica)	CD (dixital)	CAA (aprender a aprender)	CSC (social e cidadá)	CSIEE (sentido iniciativa e espírito empresedor)	CCEC (conciencia e expresións culturais)
PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves, e moi sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.			PLEB1.3. Comprende preguntas básicas (nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais.	PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta.		
PLEB1.2. Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual.			PLEB3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do título do mesmo e das imaxes que o ilustran.	PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos		
PLEB1.4. Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar e da súa contorna (Open/close the book, sit down...).			PLEB4.4. Completa unha táboa con datos persoais básicos (nome, apelido, idade...).	PLEB2.5. Amosa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira.		
PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a un mesmo e dos e das demais (dicir o seu nome e idade, a cor do pelo e os ollos, presentar á súa familia, indicar as súas preferencias) cunha pronuncia e entoación comprensibles.			PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas ...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.	PLEB5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me...).		
PLEB3.1. Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.				PLEB5.12. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados, dramatizacións etc.		
PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.				PLEB5.15. Amosa interese por comunicarse na lingua estranxeira nas interaccións de aula.		
PLEB4.4. Completa unha táboa con datos persoais básicos (nome, apelido, idade...).						
PLEB5.2. Recoñece e aplica fórmulas básicas de relación						
PLEB5.8. Expressa e identifica o que lle gusta e o que non lle gusta.						
PLEB5.11. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula e expresar e preguntar cantidades.			4			

PLEB5.13. Expresa estados de ánimo elementais (happy/sad, bored...).						
--	--	--	--	--	--	--

4.- Obxectivos para o curso

- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor.
- f) Adquirir en polo menos unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

5.- Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable:

- 1º Temporalización
- 2º Grao mínimo de consecución para superar a materia
- 3º Procedementos e instrumentos de avaliación

ÁREA PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA.INGLÉS CURSO SEGUNDO

BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporización	Grao mínimo de consecución de cada estándar
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Estratexias de comprensión: Iniciación, a través do xogo e da expresión corporal e musical, á formulación de hipóteses sobre o que se vai escoitar en función dos interlocutores que participan na interacción e do contexto, en situacións de comunicación moi sinxelas conectadas cos intereses do alumnado. Captación da idea global e identificación dalgúns elementos específicos en textos orais, con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto. Identificación do tema de textos sinxelos, adaptados á idade e próximos á súa experiencia (contos, rimas, cancións...). Asociación de palabras e expresións sinxelas con elementos paraverbais. Asociación de palabras e frases sinxelas con elementos xestuais e visuais ou co apoio de ilustracións 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e sinxelos, rimas infantís, cancións adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión. ▪ B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos...), instrucións elementais e peticións relativas ao comportamento na aula. ▪ B1.3. Facer hipóteses sobre o posible sentido dun texto apoiándose en elementos paraverbais evidentes e en situacións de comunicación familiares. ▪ B1.4. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación bás 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves, e moi sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1º,2º,3º Trimestre 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Despois de escoitar un sinxelo texto oral propio da súa idade é quen de captar a idea global e identificar algún elemento, utilizando apoio visual ou referencias contextuais.
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.2. Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1º,2º,3º Trimestre 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Recoñece e entende as palabras do vocabulario de cada unidade coa axuda de imaxes.
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.3. Comprende preguntas básicas(nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1º,2º,3º Trimestre 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Entende as preguntas que se lle fan sobre si mesmo: O nome,a idade, roupa favorita,que roupa leva posta ,estación favorita,sabor favorito (1º Trimestre) Hobby favorito, música favorita,comida favorita, o que lle gusta comer no

ÁREA PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA. INGLÉS CURSO SEGUNDO

<p>en soporte papel e dixital.</p> <p>Seguimento verbal e non verbal de instrucións moi sinxelas.</p> <p>Repetición, memorización e observación de modelos, para a adquisición de léxico e expresións moi básicas da lingua estranxeira.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Patróns sonoros, rítmicos e de entoación sinxelos: iniciación a algúns aspectos fonéticos, do ritmo, e ton da lingua estranxeira e uso para a comprensión oral. 				<p>almorzo, merenda favorita, máis as anteriores (2º Trimestre).</p> <p>Número de animais, animal favorito, personaxe favorito no conto <u>The princess and the pea</u>, máis as anteriores (3º Trimestre).</p>
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.4. Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar e da súa contorna (Open/close the book, sit down...). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1º, 2º, 3º Trimestre 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprende o vocabulario básico de aula e sigue as instrucións básicas que se lle dan: sentarse, poñerse de pe, ir á fila, coller o libro, coller o lápiz, abrir e cerrar o libro... ▪ Sigue instrucións para participar en actividades e realizar o traballo do libro ou completar fichas con axuda de elementos non lingüísticos.

BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS

